



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2017", SUBSACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E LICITADORES ADMITIDOS.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e quince minutos do día 7 de xuño de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

Diego Fernández López, técnico municipal.

Laureano Alonso Álvarez, concelleira delegada de Deportes.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Con data 29 de maio de 2017, procedeuse á apertura do sobre nº 1 correspondente á documentación administrativa e a vista da documentación presentada polos licitadores, acórdase pola Mesa de Contratación o seguinte:

En base ao disposto non artigo 146.4. parágrafo 2º, que dispón: *"En todo caso o órgano de contratación, en orden a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a adopción da proposta de adjudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adjudicatario do contrato"*, requirir á empresa **Ludus Tempori S. Coop. Galega**, con enderezo en Rúa San Roque, nº 4 baixo, 27002-Lugo, para que acredite suficientemente, que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do contrato, mediante a aportación de: escritura ou documento de constitución, ou estatutos de constitución, acto fundacional, Concedéndolle ao efecto un prazo de tres días hábiles.

Con data 31 de maio de 2017 a empresa Ludus Tempori S. Coop. Galega, aporta no rexistro xeral copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade Ludus Tempori S. Coop. Galega.

Unha vez examinada polos membros da Mesa de contratación a documentación achegada pola empresa requirida, estes manifestan a conformidade coa mesma e acordan por unanimidade admitir á licitación aos seguintes licitadores:

R.E. nº 4264/2017-Servicios Integrales de Formación S.C., de Ames (A Coruña).

R.E. nº 4410/2017-Axouxere, S.L., de Noia (A Coruña).

R.E. nº 4420/2017-Koremi, Xestión Deportiva S.L.U., de Vigo (Pontevedra).

R.E. nº 4510/2017-Acuáticas Minho, S.I., de Tui (Pontevedra).

R.E. nº 4509/2017-Ludus Tempori S. Coop. Galega, de Lugo.

De seguido exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

O TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Diego López Fernández

O CONCELLEIRO DE DEPORTES

Asdo.: Laureano Alonso Álvarez